

**ROGO DE AER RELATIVO A VARIOS TEMAS. (Rex. Entrada 24.10.2017, 2017-E-RPLN-7)**

PLENO 26 OUTUBRO 2017. ACTA 012/2017

**4.- ROGO SOBRE CAMBIO RESPONSABLE DO MANTEMENTO DO FACEBOOK DO CONCELLO**

*O Concello de Redondela, como todo o mundo ben sabe, posúe unha conta oficial de facebook para difundir a súa actividade, os actos que programan e máis aquelas informacións de interese para a veciñanza que teñan que ver con Redondela. Esta conta está xestionada pola secretaria do Alcalde, posto político designado polo propio alcalde. Dende AER consideramos que a labor institucional de comunicación do Concello debera ser levada por unha persoa sen vinculación política oficial. Unha persoa que podería actualmente asumir esa labor é a contratada para labores de transparencia, sendo propiamente a xestión do facebook oficial unha encomenda propia deste posto.*

***Rogamos que o Alcalde designa a labor de xestión e actualización do facebook oficial do Concello de Redondela á persoa contratada para labores de transparencia, como así debera corresponderlle dende o inicio do seu contrato.***

*O sr. Alcalde di que no ano 2011 quería que houbo un gabinete de comunicación no Concello independente do goberno co ánimo de potenciar a imaxe de Redondela. A transparencia está para iso, o facebook é comunicación.*